

1. Líder



ODA Ó FÚTBOL BASE

Rácing Villalbés B e Porto de Burela B benxamín do Grupo Norte renderon unha homenaxe futbolística nun espectacular encontro na Magdalena entre dous conxuntos que compiten á marxe do meramente clasificatorio



20



LIGA NACIONAL XUVENIL

O Lugo B volveu á senda da vitoria tras impoñerse ao Pabellón

Os de Brais Prados puxeron fin a unha xeira de catro derrotas consecutivas ante un aspirante ao ascenso que se presentou na Cheda dende o podio da táboa. Castrín e Mateo asinaron os goles dun filial albivermello que rematou o encontro con 9 xogadores

LIGA GALEGA XUVENIL E CADETE


DERBI DE URXENCIA EN VIVEIRO Na próxima xornada os equipos cadete e xuvenil de Liga Galega do Rácing Villalbés visitan o Marcos Gómez en dous encontros que xa empezan a ter tinte de finais

PRIMEIRA DIVISIÓN XUVENIL **4 1**

O CASTRO É O PRIMEIRO LÍDER EN SOLITARIO Os chairegos suman os tres encontros disputados por vitorias, a última ante o Ribadeo no Arturo Pereiro con Anás como protagonista ao asinar os catro goles do seu equipo

Cruel derrota en Santander

O LUGO SEGUE SEN ALZAR O VOO NA DIVISIÓN DE HONRA tras caer ante o Bansander nun partido marcado pola efectividade local na primeira parte e pola falta de gol lucense na segunda



Árbitro: Victor Manuel Garcia, Rafael Rodriguez e Alberto Gallo. Campo: San Juan del Monte

O Lugo volveu sen puntuar de Santander tras caer co Bansander nun partido no que os de Juan Subirán mereceron máis premio. Con todo, a contundencia nas áreas marcou o tres a un final.

O encontro estivo marcado polo un a cero, que chegou cando tan só se disputaran dous minutos de partido. Un gol que naceu nun saque de esquina e que terminou co balón no fondo das mallas da portería defendida por Losada tras unha serie de rexeites.

A choiva, que acompañou durante os noventa minutos, foi incesante na primeira parte e con iso o campo foise encharcando. Ademais o vento obrigou

aos dous equipos a realitzar un fútbol directo no que o Lugo, pese a non sentirse cómodo, púxose o mono de traballo e igualou forzas.

Sen apenas ocasións nin chegadas con perigo ás áreas, consumíuse a primeira parte ata que, a falta de dous minutos para chegar ao descanso, o Bansander volveu pegar sen avisar.

O dous a cero mostrouse tras unha falta a favor do Lugo que golpeou na barreira, iniciándose deste xeito una contra letal coa que o Bansander puxo terra polo medio no marcador antes do descanso.

Nos vestiarios o Lugo mentalizouse de ir a

"EL EQUIPO TRABAJÓ BIEN PERO NO ESTUVIMOS NADA FINOS EN LA FINALIZACIÓN"

JUAN SUBIRÁN - CD Lugo

por o partido e tomou o mando do encontro desde os primeiros minutos na segunda parte.

A sensación era de que o dous a un chegaría pronto e as portas da remontada abríanse, pero o gol fíxose de rogar pese a que os lucenses xeraron un bo número de ocasións, entre as máis claras tres man a man de Martín, Schuster e Xabi nos que non atoparon portería.

Os minutos pasaban e a distancia no marcador mantiñase. A falta de vinte minutos o Lugo quedouse con dez xogadores trala lesión de Gómez e todos os cambios realizados. Pese a iso, o Lugo non cesou na busca do gol e este chegou a falta de dous minutos ao transformar Xabi un penalti cometido sobre el mesmo.

Á desesperada os lucenses buscaron o gol do empate, pero o que chegou foi a sentenza no último minuto do tempo

6

XORNADAS SEN GAÑAR

A última vitoria do Lugo na División de Honra data do mes de setembro tras impoñerse 3-2 ao Rocés. A partir de aí, tres empates e tres derrotas entre outubro e novembro

10

XOGADORES O Lugo rematou o encontro e encaixou o tres a un final en inferioridade numérica tras lesionarse Gómez, que entrou por Martín, e con todos os cambios permitidos feitos

1

DEBUT DE BRIAN O dianteiro disputou ante o Bansander os seus primeiros minutos esta tempada na División de Honra xuvenil, entrando ao terreo de xogo na segunda parte en substitución de Porto

de prolongación co tres a un final que subiu ao marcador o Bansander tras unha acción desafortunada da zaga albivermella.

Con esta derrota o Lugo, tras seis parti-



Juan Subirán, adestrador do CD Lugo, dando instrucións

dos sen gañar, quédase sen marxe cos postos de descenso á Liga Nacional xuvenil, sendo o conxunto lucense o que marca o corte da permanencia con nove puntos en dez encontros disputados.

Próxima xornada

O Real Oviedo, terceiro clasificado da División

de Honra xuvenil, será o próximo rival do Lugo na máxima categoría. Os de Juan Subirán reciben na Cheda a un aspirante ao título pero a necesidade de puntos obriga aos lucenses a saltar ao campo con determinación para conseguir os tres puntos en xogo e manterse fóra dos postos de descenso.

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN DO FÚTBOL BASE LUCENSE





Castrín rematando a portaría na acción do un a cero

Portazo do Lugo B á xeira de derrotas

CASTRÍN E MATEO, autores dos goles. Debutou Rivas nun encontro no que se puxo fin a catro derrotas consecutivas



Árbitro: David Pereira Ferreiro, Jorge Méndez e Iago Castro Campo: Municipal A Cheda

O Pabellón Ourense pagou os pratos rotos das catro derrotas consecutivas coas que o Lugo B recibiu aos ourensáns na Cheda e volveu á senda da vitoria, nun encontro con moitas incidencias pero no que Castrín, nos primeiros minutos, e Mateo na recta final selaron no marcador a vitoria lucense.

A ausencia de Brian na punta de ataque, ao ir convocado co primeiro equipo, e a baixa por lesión de Samu, obrigaron a Brais Prados a retocar o equipo e mover xogadores de posición. Pese a iso, os lucenses demostraron que traballaron a conciencia para corrixir os erros que lles lastraron nas últimas xornadas

"PAGAR O PREZO DOS ERROS É A MELLOR APRENDIZAXE POSIBLE" BRAIS PRADOS - CD Lugo B

e ofreceron unha moi boa imaxe desde os primeiros minutos ante un rival que se presentou na Cheda no terceiro posto da clasificación.

O Lugo B cargou o depósito da confianza nos adestramentos por semana e saltou ao campo con fame de fútbol, dominando a un aspirante ao ascenso.

Herrero foi o primeiro en chamar á porta do gol cun remate ao poste, e aos sete minutos de partido Castrín inaugurou o marcador cun remate de volea tras unha falta lateral.

A partir de aí as forzas igualáronse un pouco máis, pero ao descanso chegouse sen demasiadas incidencias nas áreas. Xa no segundo tempo, o Pabellón Ourense que-

9

XOGADORES O Lugo B rematou o partido con nove tralalas expulsións dos dous centrais, Castrín e Asier, mentras que o Pabellón rematou con dez sobre o terreo de xogo

douse con dez xogadores e o Lugo B escondeulle o balón aos visitantes e dispuxo de ocasións por medio de Manu e Mateo para sentenciar o partido antes de que este se complicase. Primeiro coa expulsión de Castrín, e a falta de dez minutos coa de Asier, quedándose o Lugo B sen os dous centrais, achicando balóns da área ata que Mateo culminou unha contra que iniciou Leandro para sentenciar o encontro.



Rey disputando un balón aéreo cun xogador ourensán



Herrero desbordando a un defensa rival pola banda

Terceiro empate consecutivo do Villalbés na Liga Nacional


XUSTO REPARTO DE PUNTOS ante un Areosa que só perdeu un encontro esta tempada. Nico volveu asinar a igualada por segunda xornada consecutiva

2

GOLES DE NICO nas últimas dúas xornadas, nas que o defensa chairgo empatou nos treitos finais dos encontros resultados adversos para o Rácing Villalbés



Anido fixo o momentáneo un a un cun golazo pola escuadra



Árbitro: Javier Figueiredo, Gael Rivas e Miguel González Campo: A Xunqueira, Comesaña, Vigo

Terceiro empate consecutivo do Rácing Villalbés na Liga Nacional xuvenil. Os dous anteriores no Roca ante Rápido de Bouzas e Porriño, mentres que este chegou en Vigo ante un Areosa que tan só perdeu un encontro no que vai de tempada.

Se a pasada xornada os de Cholas foron de máis a menos, nesta cambiaron a orde e tras unha discreta primeira parte que finalizou con dous a un no marcador, na segunda foron mellores e leváronse un valioso e merecido punto.

A primeira foi un monó-

"NOS REPUSIMOS A UNA FLOJA PRIMERA PARTE PONIENDO EN APRIETOS A UN BUEN RIVAL HASTA SACAR UN PUNTO EN UN CAMPO MUY COMPLICADO"

CHOLAS - Rácing Villalbés

logo local. O Villalbés cedulle o balón ao Areosa para saír á contra, pero os locais moveron dun lado a outro o coiro a un e dous toques ata desarticular o entramado defensivo do Villalbés.

O un a cero non se fixo de rogar e aos dez minutos de xogo o Areosa adiantouse no marcador. O gol non cambiou o guiño do encontro xa que o Villalbés seguía replegado, e cando rou-

baba tiña problemas para manter a posesión. Con todo, mantívose con vida e ata chegou a empatar o encontro cun golazo de Anido nunha das poucas contras que puido enlazar na primeira parte.

A alegría durou pouco, xa que nada máis sacar de centro o Areosa fixo o dous a un co que se chegou ao descanso. Na segunda parte o Villalbés perdeulle o respecto aos locais cunha presión en campo rival que sorprendeu ao Areosa.


O partido rompeuse por momentos e o Villalbés, da man de Nico, como sucedera no último encontro, empatou tras unha acción a balón parado. Xa co dous a dous no marcador, o Villalbés deu por bo o empate e arrefriou o partido sen pasar por complicacións defensivas.

OS MELLORES VILLALBÉS

LÓPEZ	1 1 1 1
ANXO	1 1 1 1
EDGAR	1

Reencontro cos puntos

O RÁcing VILLALBÉS B EMPATOU e puxo fin a unha xeira de cinco derrotas consecutivas. Santi asinou o un a un cun disparo dende a frontal da área



GOL DE SANTI
O centrocampista chairego asinou o seu primeiro gol da tempada. Un gol que vale un punto e sobre todo que corta unha xeira de derrotas que se alargaba dende o mes de setembro



Iago Buján iniciando unha contra en mediocampo na Roca

“RESULTADO XUSTO NUN ENCONTRO IGUALADO CON FASES DE DOMINIO DE PARTIDO PARA CADA UN DOS EQUIPOS” IVÁN LAMAS - Rácing Club Villalbés

O Rácing Villalbés B volveu puntuar na Liga Galega xuvenil tras cinco derrotas consecutivas. Os de Iván Lamas empataron a un co Bergantiños nun encontro con dominio alterno e superioridade de cada conxunto durante fases do encontro no Roca.

facerse co control do xogo. Buján, por banda esquerda, e Miguel pola dereita asumiron o protagonismo ofensivo nunha primeira parte que parecía que camiñaba con paso firme cara ao cero a cero. Con todo, na recta final, tras un saque de esquina a favor do Villalbés B, o Bergantiños montou unha contra letal para irse aos vestiarios con cero a un.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS B
SANTI
RAÚL
DENIS

Empezaron mellor os visitantes, cun cuarto de hora inicial no que impuxeron a súa fortaleza física no fútbol directo que suscitaron. O Rácing B apenas puido saír do seu campo o primeiro cuarto de hora, pero os chairegos mantiveron a súa portaría a cero e co paso dos minutos foron igualando forzas ata chegar a

Na segunda parte o Rácing B tomou as rendas do encontro desde o inicio e no primeiro minuto Buján estivo a piques de empatar tras un pase de Gabri que despexou a córner o porteiro visitante. Tralo saque de esquina o balón saíu rexeitado e Santi,



Miguel desbordando a un xogador do Bergantiños pola banda dereita

cun golpeo desde fóra da área, devolveu as táboas ao marcador. Unha conexión entre os irmáns Denis e Iago Buján estivo a piques de propiciar o dous a un, pero cando mellor estaban os chairegos e máis preto parecía o

dous a un tras quedarse o Bergantiños cun xogador menos, os de Iván Lamas perderon o sitio no campo ante un rival con dez xogadores e terminaron achicando balóns e dando por bo o empate a un.

Borrón e conta nova co próximo derbi xa en mente

PASO ATRÁS do Viveiro en San Tirso, onde Xoel Eijo maquillou o resultado no tramo final



Árbitro: Manuel Cives, Andrea López e Rafa Gómez

“EL PRÓXIMO SÁBADO NOS ESPERA UNA FINAL. HAY QUE EMPEZAR A PENSAR DESDE YA EN ESE ENCUENTRO Y CORREGIR LOS ERRORES QUE COMETIMOS EN ESTE”

ANTONIO SERRANO - Viveiro CF

O Viveiro deu un paso atrás en San Tirso para coller carreira de cara ao próximo encontro no que os celestes recibirán ao Rácing Villalbés B no Marcos Gómez de Viveiro. Un partido que pese a disputarse a principio de novembro, ten xa un claro tinte de final pola situación de ambos na táboa clasificatoria.

OS MELLORES

VIVEIRO CF
XOEL
DIEGO
TRASI

En San Tirso o Viveiro presentouse con boas sensacións tras sumar os tres puntos a pasada xornada en casa, e competiu ben mentres se mantivo o cero a cero inicial no marcador.

Vinte minutos nos que os celestes ían crescendo no partido, pero a partir do un a cero, tras un saque de esquina, o San Tirso monopolizou gran parte do resto do encontro.

O dous a cero chegou sen marxe para a reacción visitante e o tres a cero antes do descanso, de novo tras un balón colgado á área nunha acción de estratexia.

Serrano suscitou un 3-5-2 de cara á segunda parte, pero o catro a cero sentenciou definitivamente un partido no que o capitán Xoel Eijo, cun gol de penalti e outro ao aproveitar un rexeite, maquillou o marcador final co catro a dous.

As áreas volveron ditar sentenza



A RESIDENCIA tivo máis ocasións, pero a pegada foi visitante



Árbitro: Jesús Adán, Alberto Blanco e Eduardo Feijoo



Diego Revuelta co balón controlado en mediocampo

A contundencia en ambas áreas marcou o cero a dous co que o Orillamar levouse os tres puntos da Cheda ante unha Residencia que competiu moito máis do que indica o marcador final.

ao longo do encontro e asinou alta sen deixar saír con balón ao Orillamar e xerando ocasións por medio de Conde e Fonseca por ambas bandas, sacando centros desde a liña de fondo que non atoparon rematadores. Con todo, a única ocasión visitante terminou en gol na

OS MELLORES

RESIDENCIA
GARCÍA
CONDE
DE LA IGLESIA

“OU SOMOS MÁIS EFECTIVOS EN AMBAS ÁREAS OU IMOS TER COMPLICADO SAÍR DESTA SITUACIÓN”

ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

primeira parte co cero a un ao filo da media hora de partido.

No descanso Adrián Vázquez deu entrada a Diego Revuelta e David para ter aínda máis control de balón. A Residencia meteu ao Orillamar no seu campo e tivo chegadas, pero sen contundencia na finalización. Pola súa banda os herculinos tiveron un man a man que salvou Jony antes de asinar o cero a dous na súa terceira ocasión ao longo do encontro, xa na recta final, cando a Residencia xogaba con liña de tres defensas e buscando case á desesperada o empate.

Ao final, derrota avultada por cero a dous nun partido no que as áreas dictaron sentenza á marxe do visto sobre o terreo de xogo.



Gabri presionando a saída de balón dun defensa ourensán



Xoel Irimia co coiro tras regatear a un rival ante Andrés



Luis conducindo o esférico ante un xogador do Pabellón

O Lugo recupera a fiabilidade

SEGUNDA VITORIA CONSECUTIVA na División de Honra cadete. Freire e Alesito, autores dos goles. Alejandro debutou no once inicial e Manel reapareceu tras superar unha lesión



Árbitro: Iván Bruzos Abel, Xavier Rebolo e Manuel Angel Rodríguez Campo: A Cheda

Segunda vitoria consecutiva do Lugo na División de Honra cadete tras impoñerse a Lerez a

"PARTIDO MUY TRABAJADO E INTENSO A LO LARGO DE LOS OCHENTA MINUTOS. AHORA, A SEGUIR TRABAJANDO" DANI GALÁN - Club Deportivo Lugo

pasada xornada e ao Pabellón nesta, nun partido no que os ourensáns, cunha defensa de cinco e fútbol directo, tiveron unha posta en escena moi intensa coa que puxeron en problemas aos lucenses no tramo inicial do encontro.

Aos poucos o Lugo baixou o balón, empezou a mover e fíxose co control ata que chegou a recompensa dos goles. O primeiro asinouo Freire no ecuador

da primeira parte tras unha acción marca da casa tras condución individual.

Freire atrasou nesta xornada a súa posición ao lateral dereito pola baixa por sanción de Nodar, nun once inicial ao que volveu Gabri e no que debutou Alejandro por primeira vez no centro da defensa.

Co un a cero continuou o dominio dun Lugo que ampliou a renda antes do descanso por medio de

Alesito, que asinou o seu primeiro gol do curso tras sacarlle brillo á pizarra logo dunha acción de estratexia á saída dun córner.

O Pabellón continuou con defensa de cinco na segunda parte, pero coas liñas máis adelantadas presionando con dous puntas a saída de balón do Lugo. Á hora de xogo os visitantes metéronse de cheo na loita polos puntos ao recortar distancias tras un córner a favor do Lugo.

A partir de aí chegaron os momentos máis complicados con dúas ocasións

4 GOL DE FREIRE, que xa firmara dous na pasada xornada xogando máis adiantado. Alesito estrenou a súa conta particular esta tempada na División de Honra cadete

do Pabellón para empatar, unha que non atopou rematador e outra na que se luciu Víctor baixo paus antes de chegar á recta final, na que o Lugo xogou con solvencia e mantivo a renda no marcador.

A efectividade compostelá eclipsou o bo partido lucense

0 UN A CERO ANTES DO DESCANSO, cando o Lugo B tiña controlado o encontro, foi determinante



Árbitro: Dani Rodríguez, Roi Nieto e Iago Fuentes

O Compostela exhibiu por medio de Iker toda a contundencia que lle faltou ao Lugo B en Conxo, nun encontro no que o dous a cero final semella un castigo excesivo para o partido que disputaron os de Antón Méndez en Santiago de Compostela.

"EN ESTE PARTIDO NOS QUEDAMOS CON LAS MUCHOS COSAS BUENAS QUE HICIMOS A LO LARGO DE LOS OCHENTA MINUTOS DE JUEGO" ANTÓN MÉNDEZ - Lugo B

1 BAIXA NO LUGO B Pablo Rosón, que volveu ao equipo a pasada xornada, foi ausencia de novo para Antón Méndez

A falta de mordente nos últimos metros está lastrando a un Lugo B que só asinou un gol nos últimos tres partidos e que suma 160 minutos sen ver portaría rival.

En Santiago, ante o Compostela os lucenses tiveron que lidiar cun rival

chamado a estar en postos de ascenso ao final de tempada e que é un dos equipos máis físicos da categoría.

Pese a iso, a primeira parte estivo completamente controlada, sen conceder ocasións e chegando por medio de Pérez e Marco con perigo por banda, ata que no último minuto chegou o xerro de auga fría co un a cero nunha acción na que o nove compostelán explotou a súa superioridade física para marcar na última xogada da primeira parte.

Na segunda a precipitación condenou ao Lugo B a moitos foras de xogo e nin con Ayman e Borja en punta puideron derrubar o entramado dun Compostela que, co dous a cero, tras unha nova contra na que Marcos detivo o primeiro lanzamento pero non puido facer nada no rexeite, practicamente deixou sentenciado o encontro na Merced.

A posta en escena dilapidou as opcións do Viveiro

2-0 AOS DOUS MINUTOS DE XOGO para un San Tirso que tivo o resto do encontro completamente de cara



Árbitro: Brais Rosende, Jorge Escribano e Gabriel Paz

O Viveiro, que se presentou en San Tirso coa moral alta tras impoñerse no último encontro ao Galicia Caranza no Marcos Gómez e co mesmo once inicial que a pasada xornada, quedouse sen opcións de puntuar cando tan só se disputaran dous minutos de

"COMETIMOS ERRORES DE FALTA DE CONTUNDENCIA EN LOS PRIMEROS MINUTOS QUE NOS CONDENARON EL RESTO DEL ENCUENTRO" SERGIO IGLESIAS - Viveiro

11 INICIAL Sergio Iglesias repetiu sistema de xogo e once inicial respecto á pasada xornada, na que o Viveiro se impuxo por dous goles a un ao Galicia de Caranza no Marcos Gómez

xogo, tempo que os locais en levar o marcador ata o dous a cero.

A posta en escena celeste estivo marcada pola falta de intensidade e contundencia. No primeiro minuto chegou

o un a cero tras un saque de banda sen aparente perigo, e nada máis sacar de centro, o San Tirso roubou o balón nunha acción na que os mariños reclamaron man, pero os locais montaron unha contra e con ela levaron o marcador ata o dous a cero aos 120 segundos de xogo.

A partir de aí os de Sergio Iglesias tiveron que remar contracorrente, e malia que tiveron algunha chegada illada o tres a cero antes do descanso deixou o partido visto para sentenza.

Nin o paso polos vestuarios serviu para cambiar a dinámica de partido. O San Tirso foi mellor e ampliou a vantaxe ata o cinco a cero final sen que o Viveiro dese síntomas reacción. Os mariños reciben ao Rácing Villalbés na próxima xornada con tres puntos de ouro que estarán en xogo.

OS MELLORES VIVEIRO CF	
LUCAS	👤👤👤
DAVID	👤👤
SERGIO	👤



Carlos anticipándose a un defensa do Dumbria

O premio da vitoria faise de rogar no Roca

2-0 GAÑABA O VILLALBÉS AO DESCANSO, pero o Dumbria privou aos chairegos do primeiro triunfo na segunda parte

RC VILLALBÉS		2 2		DUMBRÍA	
Gol: Miguel e Martín				Goles: Martín (2)	
ALBERTO	CRISTIAN	MANU	NICOLÁS		
AMADO	MIGUEL Alex	ALFREDO Iván	SERGIO David	ÁLEX	
DIEGO	NOEL	CARLOS	KEVIN Sandro	MANUEL	MARTÍN
HUGO	MARTÍN	MARIO Oscar	JAVI Anxo	CARLOS	GUILLERMO

Árbitro: Jorge Méndez; Brenda Lence e Brais Del Olmo. Campo: Estadio Roca, Vilalba

O premio dos tres puntos séguese facendo de rogar para un Rácing Villalbés que os tivo máis preto que nunca ante o Dumbria.

Os de Jandro Novoa asinaron a mellor primeira parte da tempada, na que tiveron o control do xogo a partir da posesión, non concederon ocasións e fóronse ao descanso con dous a cero no marcador. Con todo,

a intensa posta en escena visitante e a ansiedade por sumar o primeiro triunfo do curso desdubxaron a un Villalbés que terminou encaixando dous goles na segunda parte.

Os primeiros corenta minutos foron os mellores do curso. Cun Villalbés protagonista co balón, combinando con precisión e xerando chegadas claras,

"NO SUPIMOS GESTIONAR LA VENTAJA QUE TENÍAMOS AL DESCANSO Y ES UNA PENA, PORQUE EL TRABAJO DEL EQUIPO DURANTE LA SEMANA SE MERECE LOS TRES PUNTOS" JANDRO NOVOA - RC Villalbés

mentres que en defensa, con Amado debutando no centro da zaga, o Rácing sentiuse seguro e non concedeu ocasións de gol.

Aos once minutos chegou o un a cero, que asinou Miguel cun lanzamento de falta directa, e sen tempo para a reacción visitante, Martín culminou unha contra para subir o dous a cero ao marcador ao filo do cuarto de hora inicial.

A partir de aí, a solvencia chairega en defensa fixo que o Dumbria apenas chegase con perigo aos dominios de Diego na primeira parte. Outro guiño viuse tralo paso polos vestiarios, xa que o Dumbria saltou ao

campo máis intenso e aos catro minutos recortou distancias, meténdolle o medo no corpo a un Villalbés que empezou a acusar a presión por gañar.

En apenas un cuarto de hora da segunda parte o Dumbria xa empatara o encontro e Diego foi o protagonista ao evitar a remontada visitante nos peores momentos dun Rácing Villalbés que na recta final terminou buscando o gol da vitoria en campo rival

Próxima xornada

O Villalbés visita Viveiro nun derbi no que os puntos xa valen o seu peso en ouro.



Mario Gabeiras evitando a entrada dun xogador rival



Alberto dando un pase ante a presión dun rival

A Milagrosa deixou con vida a un Deportivo que non perdoou

11

GOLES A FAVOR tan só o Viveiro con nove e o Rácing Villalbés con dez, suman menos goles a favor que a Milagrosa esta tempada na Liga Galega cadete



Leo imponéndose ante un rival baixo a mirada de Rafa



O albivermello Cris cabeceando un balón

OS DE MADRILES FORON MELLORES en todo menos na definición e no marcador final en Frigsa

SDC MILAGROSA		0 2		DEPORTIVO B	
Goles: Marco e Álvaro					
BRAIS	CABARCOS	ZOE	DANIEL		
MARIO	JUAN	MARCO	IVÁN		
BORJA	LEO	MARCOTE Adrián	JORGE Álvaro	MANUEL	
CRIS Bruno	HUGO Nico	NICOLÁS	HUGO David	YAGO Alexis	
GAEL	RAFA David	PABLO			

Árbitro: Alberto Lago; Brais Piñeiro e Juan Luis Fernández. Campo: Frigsa

O gol segue sendo o lastre da Milagrosa esta tempada na Liga Galega cadete. Os de Madriles son un dos equipos que menos goles fan da competición pero non por falta de ocasións. Nos últimos tres encontros aos lucenses escapáronlles sete puntos tras dispo-

ñer de máis chegadas con perigo que os seus rivais. Ante o Lugo B e Estrada voaron dous puntos en cada encontro con goles na recta final, e ante o Deportivo B se esfumaron os tres en xogo pese a que xeraron máis ao longo do encontro. A posta en escena foi

"PARA GANAR HAY QUE MARCAR LAS OCASIONES QUE GENERAS, Y MÁIS PARA PUNTUAR EN ESTE TIPO DE PARTIDOS Y ANTES RIVALES COMO ESTE" MADRILES - Milagrosa

baixo o guiño previsto pola Milagrosa ao longo da semana. Os de Madriles, cunha presión alta, asfixiaron aos herculinos, que achiaron balóns da súa área desde os primeiros minutos.

O un a cero parecía cuestión de tempo, pero un defensa do Deportivo evitou sobre a liña de gol mentres que Rafa e Marco non atoparon portería con dous remates claros.

Co paso dos minutos, o Deportivo, que saíu con vida do tramo inicial, foise estirando e antes do descanso Borja mantivo o empate a cero con dúas boas intervencións.

Trala tregua dos vestiarios, na segunda parte repetiuse o guiño dos primeiros corenta minutos. Mellor a Milagrosa no tramo inicial no que Rafa cunha vaselina acariñou de novo o un a cero. O que non perdoou nesta ocasión foi o Deportivo, que fixo o cero a un á hora de partido.

A partir de aí, a Milagrosa insistiu en busca do gol con centros e saques de esquina nos que non concretaron, e o Deportivo B selou a vitoria no tempo de desconto cunha contra cando os lucenses buscaban á desesperada o empate.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

BRAIS 2 2 2

CRIS 2 2

MARIO 2

O Lugo chocou co muro herculino e foi derrubado en dúas contras

OS LUCENSES MONOPOLIZARON A POSESIÓN DE BALÓN durante moitas fases do encontro, pero sen profundidade ante un Montañeros moi replegado. André volveu acudir á súa cita co gol



Árbitro: Beatriz Cuesta. Paulo López e Eneko Corral. Campo: Municipal de Leyma. A Coruña

Derrota do Lugo en Leyma ante o Atlético Coruña Montañeros na Liga Galega infantil. Unha derrota que pon en dúbida por primeira vez esta tempada a clasificación dos lucenses para loitar o título galego, tras caer ante un rival directo e coa visita do Xuventude Oroso a próxima xornada no horizonte.

Certo é que o xogo dos

de Jony está sendo mellor do que indican os últimos resultados, nos que o Lugo só gañou un dos últimos cinco encontros disputados.

O pasado sábado na Coruña o Lugo tívose que armar de paciencia desde os primeiros minutos ante un Montañeros con defensa de cinco e con todos os seus xogadores metidos no



Alex trata de frear o avance dun xogador rival nun encontro disputado nas Gándaras

seu campo para dificultar a circulación de balón lucense en campo rival e saír á contra con cada roubo de balón, ou buscando as accións a balón parado para xerar perigo.

Ao Lugo faltoulle flui-

dez no xogo e os coruñeses explotaron ao máximo o seu plan. No ecuador da primeira parte, tras unha contra, forzaron unha falta ao borde da área que culminaron cun golazo para inaugurar o marcador co

un a cero, resultado co que se chegou ao descanso tras unha primeira parte na que o Lugo tivo o balón, pero en posicións onde non creaba perigo, e tan só un balón ao poste logo dun saque de esquina

"OUTRA SEMANA CON TRES NOVOS ADESTRAMENTOS PARA SEGUIR TRABALLANDO"

JONY - Club Deportivo Lugo

e algunha internada de Lucas propiciaron algunha chegada con contagotas na primeira parte.

Xa na segunda o partido rompeuse un pouco máis e aos seis minutos André volveu acudir á súa cita co gol asinando o seu quinto gol da tempada, cun disparo desde fóra da área.

O Montañeros non se inmutou co empate e continuou co seu plan ante un Lugo que buscou a remontada. Con todo, as contras locais foron cada vez máis perigosas, nunha delas fixeron o dous a un e a partir de aí o Lugo chocou co repliegue intensivo dun Montañeros moi poboado en defensa.

As concesións e goles en contra seguen sendo un lastre


O VIVEIRO FOI A REMOLQUE DENDE O INICIO tras encaixar dous goles nos primeiros minutos. Na segunda parte chegou a soñar cos puntos ao poñerse 4-3

3,5

GOLES POR PARTIDO o Viveiro segue encaixando moitos goles que son un lastre para poder sumar puntos. Con tres tantos e medio de media por partido os celestes aínda non deixaron en ningún dos dez encontros disputados na Liga Galega infantil a súa portería a cero



O celeste Mateo conducindo o esférico no Marcos Gómez



Árbitro: Héctor Castiñeira. Alejandro Marta e Sabrina Bertullo. Campo: San Pedro de Visma

Por segunda xornada consecutiva o Viveiro encaixou seis goles na Liga Galega infantil. Unha hemorraxia que está castigando aos celestes neste inicio de tempada no que reciben unha media de máis de tres goles por encontro.

Ante o Calasanz, aos

once minutos o marcador xa era de dous a cero e cun gol anulado aos herculinos. Cando os de Fidi se queixaron dar conta de que estaban xogando un encontro da máxima categoría infantil, o partido xa estaba moi costa arriba.

Adri fixo un conato de

"NOS TENEMOS QUE DAR CUENTA DE DONDE ESTAMOS Y LO QUE NOS COSTÓ LLEGAR HASTA AQUÍ. HAY QUE TOMARSE LOS ENTRENAMIENTOS MÁS EN SERIO Y TENER MÁS ACTITUD EN LOS PARTIDOS, QUE PARECE QUE NOS DA IGUAL. ESTAMOS EN UNA SITUACIÓN COMPLICADA Y SÓLO SE SALE DE ELLA DE UNA FORMA, CON TRABAJO Y ESFUERZO" FIDI - SD Viveiro

reacción no Viveiro co dous a un tras unha asistencia de Xael Pigueiras no ecuador da primeira parte.

O Viveiro parecía que se asentaba no campo, pero dous erros de vulto en defensa condenaron aos celestes a o catro a un co que se chegou ao descanso.

Fido fixo os cinco cambios no intermedio intentando reactivar e cambiarlle a cara ao encontro. Con Mateo de central na segunda parte os celestes



tiveron máis contundencia en defensa, mentres que en ataque Xael Ferro recortou distancias tras un pase de Adri, Samuel estrelou un remate no largueiro e Adri

tivo outra para o catro a tres e poder soñar cos puntos. Un soño que se fixo realidade co segundo gol de Xael Ferro, pero xa no último minuto, antes de que no desconto, co equipo envorcado, o Calasanz asinase os dous últimos goles do partido.

OS MELLORES

SD VIVEIRO	
MATEO	👍👍👍
XOEL FERRO	👍👍
ADRI	👍

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			 Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			 Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
XOEL EIJO	Viveiro CF	8	LÓPEZ	RC Villalbés	16	AYMAN	CD Lugo B	6	MIGUEL	Milagrosa	14	XOEL F.	SD Viveiro	8	MATEO	SD Viveiro	10
DAVID	RC Villalbés	5	XOEL EIJO	Viveiro CF	14	FREIRE	CD Lugo	4	LUCAS	Viveiro CF	12	ADRI	SD Viveiro	7	XOEL FERRO	SD Viveiro	8
SCHUSTER	CD Lugo	4	DIEGO	Viveiro CF	12	LOMBA	CD Lugo	3	DAVID	Viveiro CF	10	ANDRÉ	CD Lugo	5	JAVI B.	SD Viveiro	8
GABRI	RC Villalbés B	3	GARCIA	Residencia	11	BORJA	CD Lugo B	3	ADRIÁN	Viveiro CF	9	JOSE	CD Lugo	4	ÁLVARO	SD Viveiro	3
GABARRE	CD Lugo	2	SPEEDY	RC Villalbés	9	RAFA	Milagrosa	3	HUGO	Viveiro CF	9	DIEGO	CD Lugo	4	DAVID A.	SD Viveiro	3
ÓSCAR	CD Lugo	2	CONDE	Residencia	9	CRISTIAN	RC Villalbés	3	DIEGO	RC Villalbés	8	DANI	CD Lugo	2	ADRI	SD Viveiro	2
MANU	CD Lugo B	2	NOEL	RC Villalbés B	8	MANU	CD Lugo B	2	ALBERTO	RC Villalbés	7	SAMUEL	SD Viveiro	2	JUAN LIZ	SD Viveiro	2
SAMU	CD Lugo B	2	DANI	RC Villalbés B	7	MIGUEL	Milagrosa	2	JUAN	Milagrosa	6	XAVI I.	CD Lugo	1	RAFA	SD Viveiro	1
BRIAN	CD Lugo B	2	TRASI	Viveiro CF	7	MARCO	Milagrosa	2	RAFA	Milagrosa	6	RAÚL V.	CD Lugo	1	DAVID DIAZ	SD Viveiro	1
GABRI	RC Villalbés	2	GABRI	RC Villalbés	6	DIEGO	Milagrosa	2	DIEGO	Milagrosa	6	BRUNO	CD Lugo	1	SAMUEL	SD Viveiro	1
SPEEDY	RC Villalbés	2	XAIRO	RC Villalbés	6	CABARCOS	Milagrosa	2	MARTÍN	RC Villalbés	6	PEPE	CD Lugo	1	XOEL P.	SD Viveiro	1
NICO	RC Villalbés	2	GABRI	RC Villalbés B	6	CARLOS	RC Villalbés	2	MARTÍN	RC Villalbés	6	LUCAS	CD Lugo	1	-	-	-
BUJÁN	RC Villalbés B	2	IAGO	RC Villalbés B	6	MENDAÑA	Viveiro CF	2	PABLO	Viveiro CF	6	DAVID DIAZ	SD Viveiro	1	-	-	-
YAGO	Residencia	2	DENIS	RC Villalbés B	6	HUGO	Viveiro CF	2	SERGIO	Viveiro CF	6	XOEL P.	SD Viveiro	1	-	-	-
FONSECA	Residencia	2	DAVID	RC Villalbés	5	LUIS	CD Lugo	1	HUGO	RC Villalbés	5	RAFA	SD Viveiro	1	-	-	-
CONDE	Residencia	2	LÓPEZ	RC Villalbés B	5	MANEL	CD Lugo	1	LEO	Milagrosa	4	-	-	-	-	-	-
BORJA	Viveiro CF	2	JAVI	RC Villalbés B	5	HUGO	CD Lugo	1	JAVI	RC Villalbés	4	-	-	-	-	-	-
NOEL	Viveiro CF	2	MIGUEL	RC Villalbés B	5	BUIDE	CD Lugo B	1	BUIDE	CD Lugo B	3	-	-	-	-	-	-
DIEGO	Viveiro CF	2	YAGO	Residencia	5	PÉREZ	CD Lugo B	1	HUGO	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	CD Lugo	1	GÓMEZ	Viveiro CF	5	ANTÓN	CD Lugo B	1	NICO	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
DAMIÁN	CD Lugo	1	ANXO	RC Villalbés	4	ÓSCAR	RC Villalbés	1	AMADO	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
GÓMEZ	CD Lugo	1	DE LA IGLESIA	Residencia	4	NOEL	RC Villalbés	1	CARLOS	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
YAGO	CD Lugo	1	NOEL	Viveiro CF	4	ADRIÁN	Viveiro CF	1	NOEL	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
ROSÓN	CD Lugo B	1	ANIDO	RC Villalbés	3	JAVI	Viveiro CF	1	LUCA	Viveiro CF	3	-	-	-	-	-	-
ASIER	CD Lugo B	1	BUJÁN	RC Villalbés	3	PABLO	Viveiro CF	1	BRAIS	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
RODRIGO	CD Lugo B	1	NICO	RC Villalbés	3	LUCAS	Viveiro CF	1	MANU F.	CD Lugo B	2	-	-	-	-	-	-
JAVI	CD Lugo B	1	DANI	Residencia	3	MIGUEL	RC Villalbés	1	MARCO	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
HERRERO	CD Lugo B	1	LIS	Residencia	3	MARTÍN	RC Villalbés	1	ÁLEX G.	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	RC Villalbés	1	ROI	Residencia	3	ALESITO	CD Lugo	1	MIGUEL	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARÍN	RC Villalbés	1	YOEL	Residencia	3	-	-	-	MARIO	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés	1	IVÁN	Viveiro CF	3	-	-	-	LOSADA	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés B	1	SANTI	RC Villalbés B	3	-	-	-	JOSE	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
LÓPEZ	RC Villalbés B	1	ASIER	RC Villalbés	2	-	-	-	CRIS	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
MIGUEL	RC Villalbés B	1	PEDRO	RC Villalbés B	2	-	-	-	ROSON	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-
IAGO	RC Villalbés B	1	BUJÁN	RC Villalbés B	2	-	-	-	CRISTIAN	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
IVÁN	Residencia	1	CANCIO	Residencia	2	-	-	-	MIGUEL	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
DANI	Residencia	1	DAVID	Residencia	2	-	-	-	CRISTIAN	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
CANCIO	Residencia	1	RAÚL	RC Villalbés B	2	-	-	-	MIGUEL	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
ROI	Residencia	1	MARTÍN	RC Villalbés	1	-	-	-	MARCOS	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
TRASI	Viveiro CF	1	RARES	RC Villalbés B	1	-	-	-	VEIGA	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
JORGE	Viveiro CF	1	IVÁN RAÚL	RC Villalbés B	1	-	-	-	MARTÍN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
JUAN	Viveiro CF	1	GABI	RC Villalbés B	1	-	-	-	CARLOS	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
SANTI	RC Villalbés B	1	CABADO	RC Villalbés B	1	-	-	-	MARIO	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
XABI D.	CD Lugo	1	ADRI	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
ANIDO	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
CASTRÍN	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN
DO FÚTBOL BASE LUCENSE



FÚTBOL FEMININO LIGAS GALEGAS

Un gol de Blanca deulle á Milagrosa infantil a primeira vitoria na Liga Galega

O CONXUNTO LUCENSE IMPÚXOSE POLA MÍNIMA AO SAN MATEO mentres que o equipo alevín foi superado en Santiago de Compostela polo Victoria no campo de Santa Isabel. Na próxima xornada a Liga Promesas volve facer escala en Frigsa coa visita do Victoria da Coruña



A xogadora alevín da Milagrosa, Uxia



Héctor dando instrucións ás súas xogadoras

ALEVIN FEMININO GALEGA	
RESULTADOS	
Orzán - Obradoiro	4-0
Calvo Sanz - Crendes	0-4
Arzúa - Narón	1-7
Victoria - Milagrosa	8-0
Victoria E - Silva	13-0

CLASIFICACIÓN	
Equipo	Pts. X G E P
VICTORIA C.F. "E"	6 2 2 0 0
VICTORIA F.C.	6 2 2 0 0
ORZÁN S.D.	6 2 2 0 0
S.D.C.Y.R. NARÓN "D"	6 2 2 0 0
S.C.D. MILAGROSA	3 2 1 0 1
X. CRENDES	3 2 1 0 1
F. LUIS CALVO SANZ	0 2 0 0 2
A.D.C. OBRADOIRO	0 2 0 0 2
ARZUA FCF	0 2 0 0 2
SILVA S.D.	0 2 0 0 2

PRÓXIMA XORNADA	
Orzán - Calvo Sanz	Milagrosa - Victoria E
Crendes - Arzúa	Obradoiro - Silva
Narón - Victoria	

Segunda xornada da Liga Galega alevín Promesas e primeira derrota da Milagrosa ante un dos clubs que máis licencias ten de fútbol feminino. O Victoria de Santiago exhibiu potencial sumando a súa segunda vitoria consecutiva tras impoñerse por oito goles a cero ao

INFANTIL FEMININO GALEGA	
RESULTADOS	
Rosalía - Victoria D	1-2
UD Mos - Umia	2-0
San Mateo - Milagrosa	0-1
Orzán - Interrias	8-0
Valladares - Victoria	1-6

CLASIFICACIÓN	
Equipo	Pts. X G E P
ORZÁN S.D.	9 3 3 0 0
VICTORIA F.C.	9 3 3 0 0
VICTORIA C.F. "D"	9 3 3 0 0
FEMININO ROSALÍA	6 3 2 0 1
UD. MOS	3 3 1 0 2
S.C.D. MILAGROSA	3 3 1 0 2
SPORTING SAN MATEO	1 3 0 1 2
UMIA C.F.	1 3 0 1 2
INTERRIAS FEMININO	1 3 0 1 2
C.D. VALLADARES	1 3 0 1 2

PRÓXIMA XORNADA	
Victoria D - Valladares	Interrias - San Mateo
Umia - Rosalía	Victoria - Orzán
Milagrosa - UD Mos	

cadro lucense, que na próxima xornada recibirá ao outro Victoria, neste caso ao da Coruña.

Mellor sorte correu o equipo infantil da Liga Galega, que se impuxo en Salvaterra ao San Mateo por cero goles a un. O único tanto do encontro asinouno Blanca pasada



Sheila e Antia nun lance do encontro disputado na Frigsa

a media hora de xogo.

Na próxima xornada as lucenses reciben en Luis López Gorgoso de Frigsa a Unión Deportiva Mos, que tamén ven de gañar o seu primeiro encontro tras impoñerse ao Umia por dous goles a cero.

Orzán e Victoria de A Coruña e Victoria de Santiago de Compostela comparten liderado con tres vitorias no tres encontros disputados nesta Liga Galega infantil.

2

GOLES DE BLANCA A xogadora infantil da Milagrosa asinou os dous goles que leva o cadro capitalino esta tempada na Liga Galega infantil. Blanca xa marcará na derrota ante o Orzán a xornada pasada e nesta volveu acudir a súa cita co gol para desnivelar o marcador final en Salvaterra ante o San Mateo

CRÓNICA PREBENXAMÍN

Pleno ao quince do Porto de Burela A na Primeira División Norte

QUINTA VITORIA noutros tantos econtros disputados

O Porto de Burela A segue con paso firme neste inicio de tempada no que os mariñeiros presentan candidatura ao Provincial.

Suman por vitorias os cinco encontros disputados con 31 goles a favor e tan só 7 encaixados. Nesta xornada recibiron ao Rácing Villalbés nun encontro no que estaba en xogo o primeiro posto do Grupo e os da Marosa confirmaron o seu liderado en solitario tras impoñerse por tres goles a un. Na próxima xornada visitan ao Ribadeo nun encontro entre primeiro e terceiro clasificado.

Se o Burela gaña terá once puntos de vantaxe sobre o terceiro clasificado con tan só doce puntos que quedarían en xogo.

O Grupo Sur A preséntase como o máis igualado. O Corgo é líder con por diferenza de goles empatado a seis puntos con Ferroviaria A e Sagrado Corazón, estes últimos con tan só dous puntos disputados.

No Grupo Sur B continúa o monólogo do Lugo, que tamén asinou o pleno ao quince nesta xornada, e no Grupo Sur C manda a Residencia con dúas vitorias.

CRÓNICA BENXAMÍN

Villalbés A e Lugo A xogaranse o liderado na Magdalena

DUELO DIRECTO na Primeira Norte na próxima xornada

O CD Lugo A, con tres encontros disputados e pleno de vitorias, e o Rácing Villalbés A con dúas vitorias nos seus dous encontros, lideran a táboa no Grupo Norte da Primeira División. Ambos equipos mediránse a proxima fin de semana na Magdalena nun encontro con tintes de Provincial.

O Grupo Sur segue sen dono claro. O Lucense é primeiro con tres vitorias e dúas derrotas e a igualdade queda demostrada no dato que reflicte que entre o primeiro e o quinto clasificado tan só hai seis puntos.

4

EQUIPOS DE CADA GRUPO de Primeira División clasifícanse para o Provincial benxamín ao remate desta primeira fase, e o Provincial será unha nova lixillia a dobre volta

7

EMPATE NA MAGDALENA O duelo que mediu ao Villalbés B e ao Burela B en Segunda División Norte rematou cun espectacular empate a 7 goles

CRÓNICA ALEVÍN

Tres equipos con pleno de vitorias na Primeira División alevín

XOVE, LUGO E RESIDENCIA con nove puntos en tres xornadas

Tan só tres xornadas disputadas nos dous grupos de Primeira Alevín e tan só tres equipos se manteñen con pleno de puntos. O Xove Lugo no Grupo Norte e CD Lugo B e Residencia no Grupo Sur.

O Xove venceu nesta xornada ao Villalbés A por sete goles a tres afianzándose como líder en solitario, mentres que no Grupo Sur o Lugo B, que non podería xogalo Provincial si se clasifica o Lugo A no Norte, impúxose na Ribela 0-3.

Pola súa banda a Residencia gañou 1-7 ao

2

PARTIDOS APRAZADOS ambos de Segunda División. No Grupo Norte o Villalbés recibe esta tarde a partir das 19:00 horas ao Mondoñedo Ciudad na Magdalena e no Grupo Sur B citáanse nos Chacotes o mércores a partir das 17:00 horas Palas e Monterroso nun novo derbi da Ulloa

Sagrado Corazón nas Gándaras e segue presentando candidatura ao título Provincial.

CLASIFICACIÓN PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL

PREBENXAMÍN 1º NORTE

RESULTADOS

Stgo. de Foz - P. Burela B	13-1
Ribadeo A - Villalbés B	13-1
Porto Burela A - Villalbés A	3-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
SD PORTO BURELA "A"	15	5	5	0	0
RACING C. VILLALBES "A"	10	5	3	1	1
S.D. RIBADEO "A"	7	5	2	1	2
AD SANTIAGO DE FOZ	4	4	1	1	2
SD PORTO BURELA "B"	3	5	1	0	4
RACING C. VILLALBES "B"	1	4	0	1	3
	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo A - P. Burela A P. Burela B - Villalbés A
Stgo. de Foz - Villalbés A

PREBENXAMÍN 1º SUR A

RESULTADOS

AD Ferroviaria A - Corgo	3-0
Casás A - Piringalla C	8-0
Abuín - CP Lucense	0-4

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
C.D. CORGO	6	3	2	0	1
AD FERROVIARIA "A"	6	2	2	0	0
ADC SAGRADO	6	2	2	0	0
C.POL. LUCENSE	3	2	1	0	1
C.P. CASÁS	3	3	1	0	2
ADC PIRINGALLA "C"	3	3	1	0	2
ATLETICO ABUIN	0	3	0	0	3

PRÓXIMA XORNADA

Piringalla C - Ferro A Sagrado - Abuín
CP Lucense - Casás

PREBENXAMÍN 1º SUR B

RESULTADOS

Piringalla A - Monterroso	10-1
Ferroviaria B - Milagrosa B	2-1
CD Lugo A - Polvorin A	9-0

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
C.D. LUGO S.A.D. "A"	15	5	5	0	0
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	12	5	4	0	1
A.D. FERROVIARIA "B"	9	5	3	0	2
S.C.D. MILAGROSA "B"	6	5	2	0	3
EF POLVORIN "A"	0	4	0	0	4
MONTERROSO S.D.	0	4	0	0	4

PRÓXIMA XORNADA

Ferroviaria B - CD Lugo A Monterroso - Polvorin A
Piringalla A - Milagrosa B

PREBENXAMÍN 1º SUR C

RESULTADOS

Polvorin B - Sarriana	0-8
Piringalla B - Milagrosa A	7-3

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
SD RESIDENCIA	6	2	2	0	0
S.D. SARRIANA	6	3	2	0	1
C.D. LUGO S.A.D. "B"	3	1	1	0	0
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	3	2	1	0	1
S.C.D. MILAGROSA "A"	0	2	0	0	2
EF POLVORIN "B"	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA

Milagrosa A - Residencia CD Lugo B - Piringalla B

0

88

PARTIDOS APRAZADOS
nuha fin de semana pasada por auga e frío ningún encontro da categoría máis baixa do fútbol base lucense se tivo que aprazar, polo que os once partidos previstos disputáronse sen incidencias ao longo da Provincia lucense

GOLES NA XORNADA

Cunha media de oito goles por encontro transcorreu a fin de semana na categoría prebenxamín. Dous partidos do Primeira División Norte remataron con 14 tantos, tralas vitorias do Santiago de Foz ante o Porto de Burrela B e do Ribadeo A ante o Racing Villalbés B, en ambos casos por 13 goles a un.



Samu leva o coiro presionado por Nico e Rubén



A albivermella Laura trata de regatear a Mateo



Diego e o laranxa Rubén loitando un balón dividido



Martín a piques de disparar nun lanzamento de penalti

EF POLVORIN A

PREBENXAMÍN PROVINCIAL GRUPO B

11 xogadores en total 1ª equipación

PLANTILLA



Pablo conduce o coiro por diante de Sergio



Manuel, do Polvorin, defendido polo albivermello Gio



Mateo a piques de disparar ante Pablo



Sergio facendo un pase entre Pablo e Hugo



Xogadores do Lugo e do Polvorin saudándose

CLASIFICACIÓN BENXAMÍN PRIMEIRA E SEGUNDA PROVINCIAL

BENXAMÍN 1º NORTE

RESULTADOS

SD Burela A – SD Viveiro A **7-1**

Xove Lago – RC Villalbés A **1-3**

CD Lugo A – Ribadeo A **10-0**

BENXAMÍN 1º SUR

RESULTADOS

CP Lucense A – Polvorin A **5-1**

Milagrosa A – Piringalla A **4-4**

Residencia – CD Lugo B **2-3**

BENXAMÍN 2º NORTE

RESULTADOS

Ribadeo B – Viveiro B **4-3**

Villalbés B – SD Burela B **7-7**

Rio Ouro – RC Villalbés C **3-3**

BENXAMÍN 2º SUR A

RESULTADOS

Comercial – Corgo **8-4**

Piringalla D – Fonsagrada **11-3**

Abuin – CP Lucense B **2-2**

BENXAMÍN 2º SUR B

RESULTADOS

Sagrado A – Piringalla B **3-1**

Antas – Ferroviaria B **4-3**

Palas – Monterroso A **Apr.**

Ribeira – Piringalla E **9-0**

BENXAMÍN 2º SUR C

RESULTADOS

Polvorin B – Sarriana **3-3**

Piringalla C – Becerreá **7-5**

Monterroso B – Ferro A **2-0**

Milagrosa B – Piringalla F **5-3**

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
CD LUGO S.A.D. "A"	9	3	3	0	0
RACING C. VILLALBES "A"	6	2	2	0	0
S.D. PORTO BURELA "A"	3	2	1	0	1
U.D. XOVE LAGO	3	3	1	0	2
AD SANTIAGO DE FOZ	3	2	1	0	1
SD RIBADEO "A"	3	3	1	0	2
S.D. VIVEIRO "A"	0	3	0	0	3

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
CPOL LUCENSE "A"	11	5	3	2	0
CD LUGO S.A.D. "B"	8	5	2	2	1
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	7	5	1	4	0
S.C.D. MILAGROSA "A"	5	5	1	2	2
EF POLVORIN "A"	5	5	1	2	2
S.D. RESIDENCIA	3	5	1	0	4

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
S.D. VIVEIRO "B"	12	5	4	0	1
RACING C. VILLALBES "C"	10	5	3	1	1
A.D. RIO OURO	10	5	3	1	1
SD RIBADEO "B"	6	5	2	0	3
RACING C. VILLALBES "B"	4	5	1	1	3
S.D. PORTO BURELA "B"	1	5	0	1	4

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
SAGRADO CORAZON "B"	6	2	2	0	0
S.G. COMERCIAL	6	2	2	0	0
C.D. CORGO	6	3	2	0	1
A.D.C. PIRINGALLA "D"	3	3	1	0	2
FONSAGRADA BALOMPE	3	3	1	0	2
C.POL LUCENSE "B"	1	2	0	1	1
ATLETICO ABUIN	1	3	0	1	2
CP LUCENSE B	0	0	0	0	0

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
RIBEIRA F.S.	7	3	2	1	0
SAGRADO CORAZON "A"	7	3	2	1	0
A.D. FERROVIARIA "B"	6	3	2	0	1
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	4	3	1	1	1
S.D. ANTAS	4	3	1	1	1
MONTERROSO S.D. "A"	3	2	1	0	1
PALAS C.D.	0	2	0	0	2
A.D.C. A PIRINGALLA "E"	0	3	0	0	3

CLASIFICACIÓN

Equipo	Pts.	X	G	E	P
PIRINGALLA "C"	7	3	2	1	0
S.D. BECERREÁ	6	3	2	0	1
S.C.D. MILAGROSA "B"	6	3	2	0	1
EF POLVORIN "B"	5	3	1	2	0
S.D. SARRIANA	4	3	1	1	1
PIRINGALLA "F"	3	3	1	0	2
MONTERROSO S.D. "B"	3	3	1	0	2
A.D. FERROVIARIA "A"	0	3	0	0	3

PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo A – SD Burela A Stgo. de Foz – Xove Lago
Villalbés A – CD Lugo A

PRÓXIMA XORNADA

Milagrosa A – Residencia Polvorin A – CD Lugo B
Lucense A – Piringalla A

PRÓXIMA XORNADA

RC Villabés B – Rio Ouro Viveiro B – RC Villabés C
Ribadeo B – SD Burela B

PRÓXIMA XORNADA

Fonsagrada – Comercial Sagrado – Abuin
Lucense B – Piringalla D

PRÓXIMA XORNADA



Piringalla B – Ribeira Monterroso A – Antas
Ferroviaria B – Sagrado Piringalla E – Palas

PRÓXIMA XORNADA

Sarriana – Milagrosa B Ferroviaria A – Piringalla C
Becerreá – Polvorin B Piringalla F – Monterroso B

ADC A PIRINGALLA A BENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO SUR

12 xogadores en total 1ª equipación



Nico coa pelota ante Hugo. Dani segue a xogada



Xavi a piques de roubarlle o balón a Lucas, do Villalbés



O chairego Diego e Fer loitan por un balón dividido



O xogador burelao Brais adicando un gol



O ribadense Nico avanza co balón seguido de Martin



Hugo Paz, CD Lugo, a piques de disparar ante Toni



Ton, Comercial, disparando a porta ante Álvaro, do Corgo



Samuel conducindo o esférico seguido de Hugo Troitíño

CLASIFICACIONES ALEVÍN PRIMEIRA PROVINCIAL

ALEVÍN 1º NORTE	
RESULTADOS	
P. Burela A – SD Viveiro A	7-1
CD Lugo A – CD Castro	6-2
Xove Lago – R. Villalbés A	7-3
Mondoñedo – Stgo. Foz	6-2
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
U.D. XOVE LAGO	9 3 3 0 0
S.D. PORTO BURELA "A"	7 3 2 1 0
C.D. LUGO S.A.D. "A"	7 3 2 1 0
MONDOÑEDO CIUDAD "A"	6 3 2 0 1
AD SANTIAGO DE FOZ	3 3 1 0 2
RACING C. VILLALBES "A"	3 3 1 0 2
C.D. CASTRO	0 3 0 0 3
S.D. VIVEIRO "A"	0 3 0 0 3
PRÓXIMA XORNADA	
Viveiro A – Mondoñedo	Villalbés A – CD Lugo A
Castro – Burela A	Stgo. Foz – Xove Lago

ALEVÍN 1º SUR	
RESULTADOS	
Sagrado A – Residencia	1-7
CP Lucense A – Casás A	4-5
Sarriana A – CD Lugo B	0-3
Milagrosa A – Polvorin A	5-3
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
S.D. RESIDENCIA	9 3 3 0 0
C.D. LUGO S.A.D. "B"	9 3 3 0 0
C.P. CASÁS "A"	6 3 2 0 1
S.C.D. MILAGROSA "A"	4 3 1 1 1
EF POLVORIN "A"	3 3 1 0 2
C.POL. LUCENSE "A"	3 3 1 0 2
ADC SAGRADO "A"	1 3 0 1 2
S.D. SARRIANA "A"	0 3 0 0 3
PRÓXIMA XORNADA	
Residencia – Milagrosa A	CD Lugo B – CP Lucense A
Casás A – Sagrado A	Polvorin A – Sarriana A

ALEVÍN 2º NORTE	
RESULTADOS	
Rio Ouro – SD Viveiro B	4-1
Villalbés C – Mondoñedo B	Hoxe
SD Viveiro C – Villalbés B	9-3
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
S.D. VIVEIRO "C"	9 3 3 0 0
RACING VILLALBES "C"	6 2 2 0 0
S.D. PORTO BURELA "B"	6 2 2 0 0
A.D. RIO OURO	3 2 1 0 1
RACING C. VILLALBES "B"	0 2 0 0 2
MONDOÑEDO CIUDAD "B"	0 2 0 0 2
S.D. VIVEIRO "B"	0 3 0 0 3
PRÓXIMA XORNADA	
Mondoñedo B – Rio Ouro	Burela B – SD Viveiro C
Villalbés B – Villalbés C	

ALEVÍN 2º SUR A	
RESULTADOS	
Comercial – CD Corgo	5-2
CP Casás B – Fonsagrada	3-7
At. Abuíñ B – CP Lucense B	0-2
Guitiriz – Sagrado B	4-2
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
S.G. COMERCIAL "A"	7 3 2 1 0
GUITIRIZ S.D.	7 3 2 1 0
C.POL. LUCENSE "B"	6 3 2 0 1
FONSAGRADA BALOMPE	4 3 1 1 1
ATLETICO ABUIN "B"	4 3 1 1 1
C.D. CORGO	3 3 1 0 2
ADC SAGRADO "B"	3 3 1 0 2
C.P. CASÁS "B"	0 3 0 0 3
PRÓXIMA XORNADA	
CD Corgo – Guitiriz	CP Lucense B – Casás B
Fonsagrada – Comercial A	Sagrado B – At. Abuíñ B

ALEVÍN 2º SUR B	
RESULTADOS	
Polvorin B – Piringalla A	3-4
SD Antas – Ferroviaria B	9-1
Palas CD – Monterroso SD	Merc.
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	9 3 3 0 0
S.D. ANTAS	6 3 2 0 1
PALAS C.D.	3 2 1 0 1
A.D. FERROVIARIA "B"	3 3 1 0 2
MONTERROSO S.D.	1 1 0 1 0
S.G. COMERCIAL "B"	1 2 0 1 1
EF POLVORIN "B"	0 2 0 0 2
PRÓXIMA XORNADA	
Ferroviaria B – Polvorin B	Comercial B – Palas CD
Monterroso – SD Antas	

ALEVÍN 2º SUR C	
RESULTADOS	
Polvorin C – Sarriana B	5-5
Milagrosa B – Becerreá	1-1
At. Abuíñ A – Ferroviaria A	6-0
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
ATLETICO ABUIN "A"	9 3 3 0 0
S.C.D. MILAGROSA "B"	7 3 2 1 0
S.D. BECERREA	4 3 1 1 1
